

# RESTAURANTE ESPECTÁCULO





## Presentación

O obxectivo da Concellaría de Promoción Económica e Comercio é consolidar a posición de Compostela como o centro de referencia nas compras das persoas da nosa comarca e, ao tempo, atraer a Santiago a clientes de Galicia e o norte de Portugal.



Para iso estamos desenvolvendo un Plan de Excelencia Comercial, con seis eixes de actuación. Un destes eixes é o denominado *Impulso de novas Iniciativas Comerciais*, no que se enmarcan as Microguías de Oportunidades de Negocio.

As microguías teñen dúas finalidades complementarias: por unha banda, detectar oportunidades de negocio concretas a partir da situación actual do comercio e a hostalería en Santiago e, por outra, facilitar ao emprendedor unha información específica a partir da cal poida concretar aspectos fundamentais da empresa que ten pensado crear. En concreto, poderá dispor de datos sobre o mercado, o produto, os clientes, os recursos precisos, a previsión de resultados e as particularidades da actividade.

En total elaboramos dez microguías de oportunidades de negocio, que agardamos que sexan de utilidade para as persoas emprendedoras: *Tenda de xoguetes artesanais e educativos; Establecemento de produtos alimenticios e froitas exóticas; Ampliación da liña de negocio; Tenda especializada en produtos para maiores; Restaurante espectáculo; Restaurante de alto prestixio; Restaurante de sobremesas creativas e orixinais; Bar de osíxeno e augas; Servizo de canguros políglotas; Servizos domésticos/ Servizos a domicilio.*

**Xosé Manuel Iglesias Iglesias**

**Concelleiro de Promoción Económica, Emprego, Comercio e Turismo**



## ÍNDICE

<b>PRESENTACIÓN</b> .....	<b>3</b>
<b>1. O PORQUÉ DUN RESTAURANTE ESPECTÁCULO</b> .....	<b>7</b>
<b>2. O PRODUTO OU SERVIZO</b> .....	<b>10</b>
I. Descrición do produto .....	10
II. Servizos complementarios .....	12
III. Diferenciación e posicionamento .....	13
<b>3. CAL É A CLIENTELA POTENCIAL ?</b> .....	<b>15</b>
<b>4. CALES SON OS COMPETIDORES</b> .....	<b>17</b>
<b>5. COMO VENDER O PRODUTO OU SERVIZO</b> .....	<b>23</b>
I. Como colocar o produto no mercado.....	23
II. Como fixar o prezo do produto ou servizo .....	24
III. Como captar aos clientes.....	25
<b>6. RECURSOS NECESARIOS</b> .....	<b>28</b>
I. Recursos técnicos.....	28
II. Recursos humanos .....	29
III. Recursos económicos.....	32
<b>7. ANÁLISE ECONÓMICO- FINANCEIRA</b> .....	<b>33</b>
I. Cálculo dos gastos.....	33
II. Estimación de ingresos .....	35
III. Conta de resultados .....	36
IV. Como conseguir fondos.....	36
<b>8. PERFIL DA EMPRESA TIPO</b> .....	<b>38</b>
<b>9. TRÁMITES PARA A POSTA EN MARCHA</b> .....	<b>39</b>
<b>10. CAL É A NORMATIVA APLICABLE?</b> .....	<b>40</b>
I. Normativa xeral .....	40
II. Normativa específica.....	41
<b>11. ANEXOS</b> .....	<b>43</b>
I. Organismos oficiais.....	43
II. Asociacións .....	44
III. Formación .....	50
IV. Páxinas web de interese.....	55



## 1. O porqué dun restaurante espectáculo

O restaurante espectáculo é un moderno proxecto de negocio que xorde a partir dun novo concepto baseado na fusión da actividade gastronómica coa cultural.

A formulación de negocio fundaméntase na idea de ofrecer unha oferta de restauración de calidade acompañada dun espectáculo de ocio celebrado no propio establecemento, que estará relacionado directamente coa programación cultural que ofrece a cidade de Santiago de Compostela segundo as diferentes épocas do ano.

Esta nova concepción de restaurante espectáculo conxuga harmonicamente a gastronomía coa cultura, ofrecendo ao cliente a posibilidade de saborear unha carta de pratos e viños de calidade ao mesmo tempo que goza dun atractivo espectáculo, que deberá ser acorde coa axenda cultural da cidade.

Así, un restaurante espectáculo, co valor engadido de constituírse como alternativa de ocio, é unha oportunidade de negocio que se debe aproveitar na cidade de Santiago por moi diversas razóns:

En primeiro lugar, a “Enquisa de Emprego do Tempo 2002-2003”, elaborada polo Instituto Galego de Estatística, reflexa que en Galicia o 66% das persoas enquisadas dedica de media diaria case 2,5 horas a diferentes tipos de actividades relacionadas coa vida social e a diversión e, concretamente o 4% destas persoas destinan algo máis de 2 horas diarias a actividades relacionadas coa diversión e a cultura. Neste senso, a “Enquisa de Hábitos e Prácticas Culturais en España 2002-2003” elaborada polo Ministerio de Cultura arroxa diferentes datos relacionados co interese en determinadas actividades culturais. A seguinte táboa amosa os resultados obtidos na Comunidade Autónoma de Galicia:

<b>INTERESE EN DETERMINADAS ACTIVIDADES CULTURAIS EN GALICIA, 2002-2003</b>	
<b>Ámbito cultural</b>	<b>%</b>
Cine	6,3
Música actual	5,9
Lectura	5,9
Teatro	5,2
Música clásica	4,1
Ballet/ danza	3,0
Ópera	2,6
Zarzuela	2,6

*Fonte: Elaboración propia a partir da "Enquisa de Hábitos e Prácticas Culturais".  
Ministerio de Cultura.*

Así, a partir da información pódese deducir a existencia dun importante nicho de mercado interesado na realización de variadas actividades culturais.

En segundo lugar, é de especial relevancia o feito de que este segmento de mercado estea disposto a investir diñeiro en satisfacer a súa necesidade cultural:

<b>GASTO EN CONSUMO CULTURAL EN GALICIA, 2004-2005</b>		
<b>Servizos Culturais</b>	<b>2004 (€)</b>	<b>2005 (€)</b>
<b>Gasto medio por fogar (euros)</b>	<b>84</b>	<b>100</b>
<b>Gasto medio por persoa (euros)</b>	<b>27</b>	<b>33</b>
<b>Total (millóns de euros)</b>	<b>73</b>	<b>89</b>
<b>Fonte: Elaboración propia a partir da "Enquisa Continua de Presupostos", INE</b>		

Os datos amosan que do ano 2004 ao 2005 incrementouse en máis do 22 % o gasto medio por persoa en servizos culturais (espectáculos, museos e parques ou similares), o que reafirma a crecente importancia que está a acadar o sector cultural na sociedade actual.

En terceiro lugar e continuando coa análise da oportunidade de negocio dun restaurante espectáculo, é importante destacar a idoneidade de Santiago de Compostela para o emprazamento da actividade, debido ás diversas e importantes actividades culturais que se levan a cabo na cidade durante todo o ano. Así, dende o Concello ofrécese á cidadanía compostelá e visitantes unha programación cultural consolidada, como amosa o seguinte cadro:



<b>Programación cultural na cidade de Santiago de Compostela</b>	
<b>Programación</b>	<b>Perioricidade</b>
Programa de abono de música clásica	1 programa semanal
Concertos didácticos	20 concertos anuais
Concertos familiares	3 concertos anuais
Ciclo Sons da Diversidade	13 concertos anuais
Exposicións	4 anuais
Programas pedagóxicos de aproximación á música e as artes plásticas	Edición anual
Teatro en xira	11 anuais
Teatro producido en Galicia	26 anuais
Ciclos de cine en versión orixinal	11 anuais
Festival de Cineuropa	Edición anual
Festival de Monicreques	Edición anual
Concertos ao aire libre	Edición anual
Concertos da Banda Municipal de Música	Dominicais 48, estivais 12 e didácticos 15 anuais
O Auditorio de Galicia e o Teatro Principal acollen os concertos e os festivais de Zarzuela, Lied e de Teatro universitario, así como a Feira de Teatro de Galicia	Edición anual
<i>Fonte: Web do Concello de Compostela, 2007 (www.santiagodecompostela.org)</i>	

Hai que engadir xunto coa ampla oferta cultural programada polo Concello, as numerosas actividades organizadas por diferentes asociacións e entidades. Entre outras o Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais, a Universidade de Santiago de Compostela, a Real Filharmonía de Galicia, a Administración Autonómica ou diferentes salas alternativas, coma a Nasa.

Por último cómpre destacar que a situación do restaurante espectáculo na capital galega é positiva de cara á captación de mercado. Así, o negocio debe aproveitar o posicionamento de Santiago de Compostela como cidade da cultura para dirixir o seu produto no só cara á poboación local, senón tamén cara aos numerosos visitantes e turistas que recibe a cidade.

## 2. O produto ou servizo

Dende o punto de vista da mercadotecnia o produto é o conxunto de atributos que o mercado lle outorga a un ben ou servizo. Así pois, a determinación dos produtos ou servizos que se van ofrecer é un elemento clave para conseguir a aceptación da empresa no mercado e para a configuración da imaxe global do negocio ante os clientes, e pode supoñer un factor diferencial fronte aos competidores.

Para isto deberase ter en conta a oferta de produtos dos competidores, as características ou atributos fundamentais do servizo, as posibilidades de diferenciación e o posicionamento que vai adoptar a empresa no mercado.

### I. Descrición do produto

A restauración é a actividade hostaleira que comprende aos restaurantes, e que se refire ao consumo de alimentos que levan a cabo as persoas en establecementos acondicionados para ese fin, coa nota fundamental da posibilidade de que cada negocio ofrezca unha serie de servizos complementarios que os diferencien da competencia.

Neste senso, a idea de negocio dun restaurante espectáculo baséase nun concepto orixinal e diferente de mesturar a oferta culinaria e cultural. Trátase así dunha nova concepción de restaurante na que se combina a gastronomía típica compostelá cunha oferta lúdica, conformada a través da posta en escena de diferentes espectáculos, funcións ou actuacións organizadas para o divertimento dos clientes.

Dentro desta categoría de restaurante espectáculo é posible levar a cabo no establecemento unha gran variedade de espectáculos, os cales deberán ser sempre acordes e coherentes coa oferta cultural de Santiago de Compostela.

Neste senso, a cidade conta cunha programación ampla e variada, onde diversos eventos son celebrados periodicamente ano tras ano. O seguinte cadro recolle unha pequena mostra dos espectáculos que se poden desenvolver neste tipo de restaurantes, escollidos a partir dalgúns exemplos de eventos culturais celebrados na cidade:

EVENTOS CULTURAIS CELEBRADOS EN SANTIAGO	POSIBEIS ACTIVIDADES A CELEBRAR NO RESTAURANTE- ESPECTÁCULO RELACIONADAS COA PROGRAMACIÓN LOCAL
Festival D´Gorra	<ul style="list-style-type: none"> <li>▶ Cabaré</li> <li>▶ Espectáculos circenses</li> <li>▶ Ilusionismo</li> <li>▶ Maxia</li> </ul>
Festiclown	<ul style="list-style-type: none"> <li>▶ Espectáculos de saltimbanquis e malabaristas</li> <li>▶ Espectáculos de maxia</li> <li>▶ Actuacións de paiaos</li> <li>▶ Obradoiros de Risoterapia</li> </ul>
Festival Feitoamán (Música + Cidade Vella)	<ul style="list-style-type: none"> <li>▶ Concertos de diferentes estilos musicais: Música Tradicional Galega, Ritmos Brasileiros, Blues, Jazz, Rock, Funky, Reggae, Country, Tango, Canción de Autor, etcétera</li> </ul>
Festival Internacional de Títeres "Galicreques"	<ul style="list-style-type: none"> <li>▶ Obras de títeres</li> <li>▶ Exposicións de marionetas</li> </ul>
Festival de Música de Compostela e os seus Camiños "Via Stellae"	<ul style="list-style-type: none"> <li>▶ Concertos de música antiga e barroca</li> <li>▶ Ópera</li> <li>▶ Zarzuela</li> </ul>
Festival de Cinema de Compostela "Cineuropa"	<ul style="list-style-type: none"> <li>▶ Ciclos de cinema dedicados a unha temática concreta: cine arxentino, de animación, fantástico, etcétera</li> <li>▶ Proxección de documentais</li> </ul>
Festival Internacional de Curtametraxes "Curtocircuito"	<ul style="list-style-type: none"> <li>▶ Proxección de curtametraxes de diferentes temáticas: ficción, animación, documental, etcétera</li> </ul>
Festival Internacional de Danza "En Pé de Pedra"	<ul style="list-style-type: none"> <li>▶ Representacións de danza contemporánea</li> <li>▶ Obradoiros de danza</li> </ul>
Feira Galega das Artes Escénicas	<ul style="list-style-type: none"> <li>▶ Espectáculos de teatro e danza</li> <li>▶ Concertos de grupos musicais</li> <li>▶ Obradoiros de baile</li> <li>▶ Obradoiros de canto</li> </ul>

Ademais dos anteriores, existen outros eventos celebrados en Compostela coma as “Festas do Apóstolo”, o Festival “Músicas do Mundo” ou o Ciclo de Lied, que reafirman a importante oferta cultural que a capital de Galicia ofrece a composteláns e visitantes.

Por outra banda, a idea de negocio do restaurante espectáculo diríxese, ademais de cara á programación dunha serie de espectáculos culturais, a ofrecer unha oferta gastronómica de calidade, baseada en pratos da gastronomía típica compostelá e elaborados cunha materia prima fresca e de primeira calidade. Coma produtos que non deben faltar na carta cabe sinalar:

- Peixes: pescadas, rodaballos, mero, robalizas, linguados, ollomoles, sardiñas, xurelos, peixes sapo, etc.

- Mariscos: nécoras, camaróns, gambas, navallas, ostras, vieiras, mexillóns, berberechos, ameixas, santiaguiños, centolas, etc.
- Carnes: tenreira galega, porco, capóns, etc.
- Verduras e hortalizas: grelos, repolo, pementos, xudías, etc.
- Doces: torta de Santiago, “pedras de Santiago”, “caprichos de Santiago”, amendoados, etc.
- Outros produtos típicos: queixo, mel, licores, etc.

## II. Servizos complementarios

Unha vez que o/a emprendedor/a ten claro o tipo de produto que vai ofrecer coa posta en marcha dun restaurante espectáculo, é importante que coñeza que pode acompañar o mesmo con outros servizos complementarios, os cales proporcionarán un valor engadido á oferta e repercutirán nunha serie de melloras para o cliente. Así mesmo, os servizos complementarios que se oferten deberán estar sempre en consonancia co tipo de establecemento de que se trate.

Neste senso, o restaurante espectáculo debería ofrecer algúns servizos de tipo xenérico para o cliente como:

- Pago con tarxeta
- Aparcamento gratuito
- Posibilidade de reserva previa
- Etc.

Así mesmo, existen outro tipo de servizos adicionais que poden axudar a atraer clientela ao establecemento, como:

- Engadir pratos novos á carta segundo o espectáculo celebrado (por exemplo: música brasileira con pratos tradicionais brasileiros).
- Elaboración de menús degustación.
- Posibilidade dun reservado para grupos.
- Realización de comidas ou ceas de despedidas de compañeiros de traballo, de solteiro/a.
- Reparto de folletos informativos sobre os diferentes espectáculos programados.
- Etc.

Por último, cómpre destacar que o valor engadido máis importante do restaurante espectáculo son os recursos humanos e persoais. Así, o cliente verá incrementada a súa satisfacción se o

establecemento lle ofrece un servizo de calidade. Neste senso, o persoal é a materia prima fundamental, por iso o restaurante deberá contar con profesionais altamente cualificados.

### III. Diferenciación e posicionamento

É importante ter clara a diferenza ou vantaxe competitiva do servizo que ofrece o restaurante espectáculo con respecto aos da competencia. Para iso débese facer unha análise sobre os aspectos positivos e negativos dos produtos e servizos propios e alleos, e definir cal será o posicionamento da empresa no mercado.

O posicionamento consiste en definir a imaxe que se quere conferir ao negocio, coa intención de que o público obxectivo perciba e aprecie a diferenza competitiva da empresa sobre outras. Acadar un posicionamento na mente do cliente de xeito claro é unha fortaleza fundamental, sintetiza a imaxe da empresa, do produto ou da marca. Por iso, deberase definir cal será o seu posicionamento no mercado, determinando o plano de actuación en función dos seguintes elementos:

- Atributos do produto: deseño dun conxunto significativo de diferenzas que permita distinguir os produtos da empresa dos da competencia.
- Atributos do servizo: diferenciación no subministro ou forma de execución dos servizos, oferta de servizos adicionais que incrementen o valor engadido do produto no mercado, etc.
- Relación calidade/prezo: definición dos estándares de calidade apropiados en relación ao prezo do produto, calidade dos produtos e servizos dos competidores.
- En relación ao competidor: calquera tipo de particularidade susceptible de ser potenciada fronte aos competidores (instalacións, decoración, atención ao cliente, etc.)
- En relación ao cliente: selección dun segmento de mercado desatendido polos competidores.
- Características da empresa: aspectos relativos á organización; “saber facer” da empresa, etc.

A efectos de contextualizar e comprender o posicionamento do restaurante espectáculo, aconséllase que o establecemento se basee nunha oferta culinaria e cultural de calidade, ofrecendo un espazo acolledor onde se conxuguen harmonicamente o pracer de saborear exquisitos pratos da gastronomía popular coa posibilidade de gozar dun espectáculo artístico - cultural. Neste senso, é de especial relevancia para o posicionamento do restaurante espectáculo conseguir diferenciar o establecemento pola súa oferta cultural, no que deberán ter cabida diferentes disciplinas artísticas sempre acordes e complementarias da oferta cultural que programan no Concello.

### 3. Cal é a clientela potencial ?

Para saber cal será o público obxectivo ao que haberá que dirixir a actividade da empresa, deberase definir previamente o perfil do cliente en función das principais variables de segmentación. A segmentación é un proceso de división do mercado en subgrupos homoxéneos (por ter en común os mesmos desexos, poder adquisitivo, localización xeográfica ou actitude e hábitos fronte á merca, etcétera), co obxectivo de levar a cabo unha estratexia comercial diferenciada para cada un deles. Deste xeito lógrase compracer as súas necesidades dunha maneira máis efectiva e acadar mellores resultados para a empresa.

Para calcular o tamaño de mercado que pode ter o restaurante espectáculo deberase ter en conta o tipo de público obxectivo ao que se dirixirá o establecemento, os hábitos de consumo deste segmento de mercado e os competidores existentes, definindo a situación idónea para o negocio.

Así, para comezar a concretar o perfil dos posibles consumidores do restaurante espectáculo, pódense clasificar os clientes potenciais segundo a súa procedencia. Neste ámbito débese diferenciar por unha banda as persoas que residen en Santiago de Compostela e, por outra, as que permanecen na cidade por outros motivos como son os estudantes e os turistas.

Neste senso, para facer unha primeira aproximación ao público potencial da área de Santiago de Compostela, na seguinte táboa pódese observar a distribución da poboación residente por idade na comarca:

<b>HABITANTES NA COMARCA DE SANTIAGO SEGUNDO IDADE</b>					
	De 20 a 24 anos	De 24 a 29 anos	De 30 a 34 anos	De 35 a 39 anos	De 40 a 44 anos
<b>GALICIA</b>	171.976	219.911	219.368	211.651	201.146
<b>Ames</b>	1.295	1.819	2.525	2.878	2.325
<b>Boqueixón</b>	315	338	365	319	336
<b>Brión</b>	404	554	605	537	526
<b>Santiago</b>	6.470	8.415	7.724	7.403	7.299
<b>Teo</b>	1.175	1.462	1.554	1.401	1.356
<b>Val do Dubra</b>	263	311	320	289	265
<b>Vedra</b>	375	425	354	347	370
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>10.297</b>	<b>13.324</b>	<b>13.447</b>	<b>13.174</b>	<b>12.477</b>

*Fonte: IGE, Padrón municipal de habitantes*

Na capital galega tamén é significativo destacar a poboación de estudantes que cada ano se matriculan na Universidade de Santiago de Compostela para cursar a súa carreira, debido a que é un importante segmento de poboación que reside durante o curso na cidade pero que non está censada, polo que non aparecen nos datos estatísticos que recollen o número de habitantes.

<b>ESTUDANTES DA U.S.C ANO ACADÉMICO 2005/ 2006</b>		
<b>Lugar de procedencia</b>	<b>Nº</b>	<b>%</b>
<b>Galegos</b>	22.950	86,4%
<b>Resto de España</b>	2.520	9,5%
<b>U.E</b>	362	1,4%
<b>Resto de Europa</b>	319	1,2%
<b>Resto do Mundo</b>	425	1,6%
<b>TOTAL</b>	26.576	

*Fonte: Datos da Universidade de Santiago de Compostela. Servizo de Xestión da Calidade e Control Interno*

Continuando coa configuración do perfil do cliente potencial do restaurante espectáculo, é importante salientar o feito de que Santiago de Compostela é un destino receptor de turismo cultural, polo que a clientela non se limitará soamente aos cidadáns da capital galega, senón tamén aos visitantes, tanto da propia Comunidade Autónoma coma os nacionais ou estranxeiros.

Como se pode observar na seguinte táboa, máis de medio millón de turistas visitaron a cidade compostelá no ano 2006:

<b>VIAXEIROS REXISTRADOS NO MUNICIPIO DE SANTIAGO ANO 2006</b>	
<b>Españois</b>	<b>329.549</b>
<b>Estranxeiros</b>	<b>181.055</b>
<b>Total</b>	<b>510.604</b>

*Fonte: Elaboración propia a partir do Instituto Nacional de Estatística.*

A partir da análise da anterior información pódese concluír que o restaurante espectáculo non soamente está dirixido cara aos cidadáns de Compostela, senón que atopa un importante mercado nos estudantes universitarios e nos visitantes que acoden a Santiago por motivos de turismo.



## 4. Cales son os competidores

Entender á competencia é parte fundamental do crecemento do negocio. As estratexias de promoción e o éxito nas vendas están influídos pola capacidade que se teña para facer distinguir o negocio sobre os demais.

Deste xeito, para poder mellorar o negocio do restaurante espectáculo con respecto á competencia, é necesario coñecer quen son os competidores e que están facendo. É recomendable identificar a área xeográfica que abarcan e a principal vantaxe que lles permitiu gañar mercado, xa que con esta información se podera determinar con maior facilidade as estratexias de posicionamento que deberá seguir a nova empresa para entrar e desenvolverse no mercado.

Ao identificar os competidores, é importante saber que estes poden ser directos ou indirectos.

### **Competidores directos:**

Os competidores directos ofrecen os mesmos produtos ou servizos no mesmo ámbito xeográfico, satisfacendo necesidades idénticas ou moi similares ás que queres satisfacer co teu produto ou servizo.

O restaurante espectáculo ofrece un produto gastronómico especializado que ten a maiores un valor cultural engadido, ofrecendo como resultado a cobertura dunhas necesidades distintas ás que cubre un restaurante propiamente dito. Neste senso, é interesante extraer do total de restaurantes da comarca aqueles relacionados co ámbito cultural e de realización de espectáculos. A táboa que se mostra a continuación, amosa os seguintes resultados:

### Competidores Restaurante Espectáculo

	Ames	Boqueixón	Brión	Santiago	Teo	Val do Dubra	Vedra	TOTAL COMARCA	GALICIA
Servizo de restaurante, cafetería e café-bar en teatros e demais espectáculos que unicamente permanecen abertos durante as horas do espectáculo, agás os de baile e similares	0	0	0	3	1	0	0	4	26
Servizo de restaurante, cafetería e café-bar en sociedades, círculos, casinos, clubs, etc.	0	0	0	3	1	1	0	5	272
<b>TOTAL</b>	0	0	0	6	2	1	0	9	298

Fonte: Elaboración propia a partir do Ficheiro de Empresas Camerdata

Así mesmo, non bastará con analizar o volume total de competidores do mercado, senón que tamén se deben considerar outros factores, tales como a fortaleza dos negocios, o tipo de cliente a quen venden ou a carteira de produtos das empresas competidoras. Se ben estas empresas poden ser moi produtivas, cabe a posibilidade de que estean desatendendo algunhas áreas do mercado e, polo tanto, o restaurante espectáculo deberá capturar ese mercado .

### **Competidores indirectos:**

Os competidores indirectos son aquelas empresas que ofrecen produtos ou servizos que, polas súas características, poden substituír aos propios, ao dirixirse ao mesmo mercado de referencia.

Os competidores identificados, atendendo ao sector da restauración, son os seguintes:

### Competidores indirectos Restaurante Espectáculo

	Ames	Boqueixón	Brión	Santiago	Teo	Val do Dubra	Vedra	TOTAL COMARCA GALICIA
Cafés ou bares con e sen comida de categoría especial	6	0	0	0	0	0	0	6
Servizos noutros cafés ou bares	92	27	26	898	80	31	29	1.183
Outros servizos de alimentación propios da restauración	4	0	0	13	0	1	0	18
<b>TOTAL</b>	<b>96</b>	<b>27</b>	<b>26</b>	<b>911</b>	<b>80</b>	<b>32</b>	<b>29</b>	<b>1.201</b>
<b>18.030</b>								

Fonte: Ficheiro de Empresas Camerdata

Asemade, ademais dos competidores detectados anteriormente na área da restauración, tamén é significativo destacar aquelas empresas ou entidades relacionadas co ámbito cultural.

Neste senso analízanse, en primeiro lugar, os centros sociais e culturais que se encontran na área da comarca de Santiago de Compostela debido a que, en moitos casos, actúan como organizadores de diversos eventos, tanto sociais como culturais.

Centros Sociais e Culturais							
	Ames	Boqueixón	Brión	Santiago	Teo	Val do Dubra	Vedra
Arquivo	-	-	-	1	-	-	-
Auditorio	-	-	-	3	-	-	-
Biblioteca	1	-	1	1	-	-	1
Casa da Cultura	1	2	1	1	-	1	3
Centros cívicos/sociais	7	10	9	20	9	2	7
Museos	-	-	-	5	-	-	-
Teatro/Cinema	-	-	-	2	-	-	-
Outros	1	1	-	3	-	-	-
<b>TOTAL</b>	<b>10</b>	<b>13</b>	<b>11</b>	<b>36</b>	<b>9</b>	<b>3</b>	<b>11</b>

*Fonte: Elaboración propia a partir da Enquisa sobre Infraestrutura e Equipamentos Locais*

Analizando os datos anteriores máis polo miúdo, obsérvase que a meirande parte dos centros sociais e culturais atópanse no Concello de Santiago de Compostela polo que, a continuación é interesante analizar en profundidade estes espazos culturais que se dedican á realización de actividades culturais similares ás que se levarán a cabo no restaurante espectáculo. A táboa que se mostra a continuación amosa os seguintes resultados:

Competidores indirectos do Restaurante Espectáculo en Santiago de Compostela por servizo prestado					
	Sala	Sala de proxección	Galería	Empresa	Total
Salas e locais de espectáculo (música)	6	-	-	2	<b>8</b>
Teatros e salas de espectáculos (teatro&danza)	7	-	-	-	<b>7</b>
Salas de proxección (cinema)	3	3	-	-	<b>6</b>
Espazos expositivos (arte)	1	-	30	-	<b>31</b>

*Fonte: Elaboración propia a partir do Concello de Santiago de Compostela ([www.compostelacultura.org](http://www.compostelacultura.org))*

Por outra banda, á hora de analizar a competencia deberanse considerar todos os factores de influencia: o tipo de negocio e de cliente a quen venden, a fortaleza dos mesmos ou a carteira de produtos das empresas competidoras. Se ben o volume de competidores pode ser elevado, o restaurante espectáculo deberá capturar as áreas de mercado desatendidas por estas empresas, proporcionando certo servizo ou ben dirixíndoo a un tipo particular de cliente.

Neste senso, como vantaxe competitiva débese facer fincapé no valor engadido do negocio: a calidade dos pratos, a variada oferta cultural, a atención ao cliente, etc.

De todos os xeitos, deberase ter en conta a existencia de futuros competidores. É importante analizar se existen competidores potenciais, empresas que aínda que no presente non ofrezan produtos ou servizos similares no mesmo ámbito xeográfico, pola súa natureza poderán ofrecelos no futuro. Para evitar que estas empresas acaparen unha parte importante do público obxectivo do restaurante espectáculo deberase tratar de reforzar o posicionamento no mercado, fortalecendo a imaxe de marca a través dunha correcta planificación da estratexia de mercadotecnia.

## 5. Como vender o produto ou servizo

### I. Como colocar o produto no mercado

A distribución é un elemento da mercadotecnia mix que ten como obxectivo poñer o produto a disposición do cliente final na cantidade demandada, no momento no que o necesite e no lugar onde desexe adquirilo. Existen múltiples canles de venda que podes empregar para facer chegar o teu servizo ao cliente final, así como a posibilidade de compatibilizar varias canles á vez.

Unha decisión estratéxica fundamental para a empresa é decidir a rede de distribución empregada para comercializar os produtos. Para facer unha correcta selección das canles de distribución deberás valorar unha serie de factores fundamentais:

1. O tipo de público obxectivo ao que te queres dirixir.
2. A incompatibilidade de certas canles de distribución, en función do mercado de referencia.
3. As marxes comerciais da empresa variarán en función das canles de distribución empregadas, posto que os recursos necesarios e os custos asociados a cada canle de distribución son diferentes (custos en publicidade, comunicación, persoal da rede de vendas, etc).

Dada a natureza do servizo ofrecido polo restaurante espectáculo, a distribución faise no mesmo local e de xeito inmediato, polo que é importante ter a capacidade para adaptarse ao cliente en cada momento e en cada espectáculo ofrecido.

É importante que as instalacións se adapten ao confort e as necesidades dos clientes, como que se ofrezca sala para fumadores e que o mobiliario, os elementos decorativos e o enxoval que se utilice, estean nas condicións axeitadas para prestar un bo servizo.

As paredes, chan e teitos deberán estar revestidos con materiais que permitan unha rápida e fácil limpeza.

Os comedores e salas deberán estar convenientemente ventilados, climatizados e iluminados, facendo do restaurante espectáculo un lugar cálido e acolledor.

Contarase con medios de acceso, escadas e corredores que permitan acceder facilmente a todas as estancias do restaurante espectáculo (comedor, aseos, terrazas, salas de espectáculo,...) A distribución de mesas e mobiliario será funcional, co obxecto de permitir a adecuada circulación das persoas e a comodidade dos camareiros.

Así mesmo, non debes esquecer a introdución no negocio de novas tecnoloxías (páxina web, pedidos e reservas on line, posibilidade de facer unha consulta da programación ofertada, xestión informatizada do negocio, pago con tarxeta, etc), que servirán para reforzar a estratexia de comunicación da empresa e achegarán a clientela ao teu negocio.

## **II. Como fixar o prezo do produto ou servizo**

O prezo é unha variable fundamental dentro da estratexia de mercadotecnia mix, xunto co produto, a distribución e a promoción. Deste xeito, o prezo chega a sintetizar en moitos casos a política comercial da empresa. Dentro da mercadotecnia mix é a única variable que supón entrada de cartos para a empresa.

Existen varios métodos para a fixación dos prezos; no entanto, en primeiro lugar debes ter en consideración os seguintes aspectos.

A marxe sobre os custos é o método máis empregado no sector da restauración e se basea na aplicación dunha marxe sobre o custo de elaboración do prato ou menú. Deste xeito, antes de establecer o prezo de venda débese calcular o custo de cada prato, ou de cada ingrediente elixido polo cliente (no caso do menú libre) e logo fixar o prezo trala aplicación da marxe.

Débese ter presente que o restaurante espectáculo manexa unha ampla carteira de produtos e que non todos levan a mesma marxe de beneficio. Por exemplo, as marxes aplicadas ás carnes ou pescados soen ser inferiores ás que se lle aplican as ensaladas, sopas ou cervexas.

Neste senso, convén identificar as políticas de prezos dos competidores, tendo sempre en conta o valor engadido do negocio, xa que a diferenza entre un restaurante espectáculo está tanto na calidade das produtos como no servizo prestado, así que os prezos deberán ser coherentes con estes factores.



### III. Como captar aos clientes

Unha das actividades imprescindibles para unha empresa é a promoción dos seus servizos, primeiro para darse a coñecer e despois para diferenciarse e gañar clientela.

As promocións son un instrumento idóneo para incrementar o valor aportado aos clientes, polo que a empresa, en función das súas capacidades distintivas e recursos deberá formular unha estratexia que lle permita adaptarse ao entorno competitivo.

Para a publicidade e promoción do restaurante espectáculo poderase recorrer a diferentes fórmulas: promoción institucional (a través de Turgalicia, oficinas municipais de turismo, concellos, etc), sinalización e rótulos no exterior do local, anuncios en directorios comerciais, tarxetas profesionais, acordos con empresas, asociacións profesionais, reparto de folletos informativos dos espectáculos celebrados, etc. As promocións poden influír na imaxe do produto, polo que resulta imprescindible analizar o impacto que producen e procurar obter un efecto positivo.

O primeiro paso na estratexia de promoción consiste na creación da imaxe corporativa da empresa, que deberá ser acorde co posicionamento adoptado pola mesma no mercado.

Con esta imaxe definirase, por exemplo, o que vai ser o aspecto interior e exterior do negocio, polo que se deben planificar os elementos de comunicación que se van empregar:

- Cartel ou rótulo: ten que ser capaz de diferenciarte dos demais e de identificarte. Ao mesmo tempo ten que ser acorde cos servizos que estas ofrecendo. En definitiva, que sexa a nosa identidade corporativa.
- Decoración do interior do local: deberá contar cun deseño funcional que permita a súa adaptación a calquera tipo de espectáculo. É importante que se coiden ao máximo os detalles, como a orixinalidade na presentación e colocación dos pratos, a calidade e distinción do enxoval e dos uniformes das persoas que atenden ao público, etc, adaptando constantemente os produtos e o espectáculo ofertado. É imprescindible tamén que o establecemento conte cunha decoración que proporcione un ambiente agradable aos comensais.

- Elementos distintivos: sería recomendable, ademais, que o local contase con algún tipo de elemento distintivo que aportase valor engadido ao establecemento, como pode ser a realización de cartas personalizadas acorde á estética do local, etc. A carta é un elemento diferencial dos restaurantes, polo que se debe coidar a súa aparencia interna e externa. A portada e contraportada deberán estar en consonancia coa temática do establecemento, sendo a confección e deseño acordes co estilo do local. Ademais deberá estar traducida a varios idiomas, para facilitar aos turistas estranxeiros a elección dos pratos.

A calidade do servizo prestado debe ser coherente co nivel de prezos establecidos. Así mesmo, no momento da súa fixación débese ter en conta que o prezo actúa como un elemento diferencial do produto, polo que é importante analizar todos os aspectos que inflúen sobre el.

Aconséllase a aparición en guías gastronómicas a nivel galego, estatal ou mesmo europeo. Asemade, tamén sería interesante aparecer en publicacións dedicadas á vida social e cultural, onde se destaquen os diferentes espectáculos que se levarán a cabo no restaurante.

Neste senso é tamén interesante a utilización de novas tecnoloxías como elemento de comunicación e promoción, xa que isto transmite unha imaxe moderna da empresa, ademais de constituír unha forma sinxela para achegar á clientela os teus servizos. A páxina web é un elemento cada vez máis utilizado, pois ofrece a oportunidade de ampliar o mercado de referencia e dar a coñecer o restaurante espectáculo noutras zonas xeográficas.

Porén, o medio de promoción máis eficaz neste tipo de negocios é o “boca a boca”, polo que o máis importante é que a empresa ofrezca un servizo de calidade total: os mellores produtos, coa mellor atención e o mellor servizo. Para elo hai que contar con persoal debidamente cualificado, tanto para os postos de cociña como os de atención ao público.

Con respecto á idoneidade da situación do establecemento, no caso do restaurante espectáculo calquera entorno pode ser interesante, pero sería coherente situalo nunha zona urbana, onde se concentre a oferta de ocio e se poda abarcar todo tipo de clientes en diversos horarios.

Á hora de elixir a situación do negocio débese ter moi en conta a insonorización do establecemento, para evitar problemas de ruidos pola celebración dos espectáculos.

Por último, a organización de actividades, tales como xornadas gastronómicas adaptadas ao espectáculo que se oferta (por exemplo: menú degustación brasileiro acompañado de música brasileira), obradoiros de danza, presentacións de libros, proxeccións de cinema alternativo e independente, etc, poden ser a canle idónea para dar a coñecer o restaurante espectáculo, xa que constitúen un valor engadido que será moi valorado polos clientes ao mesmo tempo que apoiará á promoción do produto gastronómico e cultural que se oferta.

## 6. Recursos necesarios

### I. Recursos técnicos

Os recursos técnicos dos que terás que dispoñer para a creación dun restaurante espectáculo son en primeiro lugar as instalacións.

As instalacións dunha empresa deste tipo, así como as súas dimensións medias, serían:

INSTALACIÓNS NECESARIAS	
Instalación	Medidas (m2)
Cociña	30
Comedor	70
Zona de bar	30
Almacén	20
Escenario	20
Camerinos	20
<b>TOTAL</b>	<b>190</b>
<i>Fonte: Elaboración propia</i>	

Para a selección do local deberás ter en conta a súa localización. En calquera caso, é conveniente que o local se sitúe na zona urbana máis turística ou nunha zona de abundante paso de xente. Neste senso conviría situar o local nas zonas tradicionais de bares e mesóns e onde se celebran a maioría dos espectáculos culturais que oferta a cidade.

O establecemento estará provisto dunha ampla barra e mesas distribuídas cara ás salas de espectáculo, enxoval de cociña, vaixela, cristalería e panos de mesa. Debes ter en conta o tipo de negocio que pensas crear. No caso do restaurante espectáculo a decoración do local, acorde cos espectáculos que se están a ofrecer, non se debe descoidar.

En termos xerais as cociñas de restaurantes están dotadas con:

- Equipos de cocción, forno e microondas.
- Equipos de ventilación e climatización.
- Lavalouzas.
- Equipos de frío: Conxelador, frigorífico, vitrinas, etc.
- Equipos auxiliares de cociña: Amasadoras, batidoras de cociña, quentapratos, licuadoras, espremedores, montadores de nata, etc.
- Andeis inoxidables ou de polietileno, mesas de cociña e carros de servizo.
- Expositores refrixerados para o viño.

No que se refire aos medios informáticos, debes contar cos seguintes elementos:

- Ordenador
- Teléfono
- Caixa rexistradora
- Datáfono
- Dispositivos de seguridade

Ademais, se optas por incluír nas túas formas de distribución o catering e a comida para levar, lembra que precisarás de elementos de transporte e de envases axeitados.

